

## **CIRCULAR 19-2016 (modificada a 3/03/2016)**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO DE GALICIA BENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL DE PISTA CUBERTA**

A Coruña, 5 de Marzo do 2016

**Art.1.-** A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato de Galicia benxamín, alevín e infantil de pista Cuberta que terá lugar no Pazo de Deportes de Riazor na Coruña o vindeiro sábado día 5 Marzo do 2016, en xornada de mañá e tarde.

**Art.2.-** Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega

**Art.3.-** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 1 de Marzo do 2016**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar nas inscricións e o número de dorsal oficial da presente tempada. Non se admitirá ningún atleta que non teña marca acreditada.

**Art.4.-** Limitación na inscrición: Cada atleta poderá realizar un máximo de 2 probas (no caso de ser carreiras só unha poderá ser superior a 50). Dado que non haberá mínimas de participación escolleranse as milloras marcas da tempada actual e da tempada anterior ó aire libre (dende o 31 de marzo de 2015) en cada proba (12 en concursos e 18 en carreiras).

**Art.5.-** Os delegados deberan comunicar as baixas ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. No caso de non facelo aplicarase o artigo 12.

**Art.6.-** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.7.-** Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, agás a pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.8.-** Nas categorías benxamin, alevín e infantil non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada.

**Art.9.-** Nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante poderá realizar 4 intentos.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.10).**- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os atletas saídrán a zona de saída ca ropa de competición

**Art.11).**- Altura dos listóns:

Altura benxamín: 0.70-0.77-0.84-0.90-0.95-1.00-1.05 (3/3)

Altura alevín: 0.80-0.87-0.94-1.00-1.05-1.10 (3/3)

Altura infantil: 0.97-1.04-1.10-1.15-1.20-1.25 (3/3)

Pértega: 1.71-1.78-1.85-1.92-1.99-2.06-2.16 (permitirase a altura mais baixa que permita a instalación e sempre pasando por esta secuencia)

**Art.12).**- A distancia das táboas en lonxitude e triple decidírase en función das marcas dos participantes, até un máximo de 2.

**Art.13).**- Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo comité técnico.

**Art.14).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, agás os que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta, previamente inscrito, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros.

**Art.14).**- Horario provisional (o horario definitivo publicarase co listado de inscritos).

PRIMEIRA XORNADA						
50	Mullere	Series INF	10.30	Peso	Mulleres	INF
				Altura	Homes/Mullere	BN
				Lonxit	Homes	INF
50	Mullere	Series ALV	10.50			
50	Mullere	Series BEN	11.10			
			11.20	Peso	Homes	INF
				Lonxit	Mulleres	INF
50	Homes	Series INF	11.30	Altura	Homes	ALV
50	Homes	Series ALV	11.50			
50	Homes	Series BEN	12.10	Lonxit	Homes	ALV
			12.20	Peso	Mulleres	BE
1000	Mullere	Final INF	12.30			
1000	Mullere	Final ALV	12.40			



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



1000	Mullere	Final BEN	<b>12.50</b>	Altura	Homes	INF
1000	Homes	Final INF	<b>13.10</b>	Lonxiti	Mulleres	ALV
1000	Homes	Final ALV	<b>13.20</b>	Peso	Homes	BE
1000	Homes	Final BEN	<b>13.30</b>	Perteig	H-M	INF
50	Mullere	Final INF	<b>13.40</b>			
50	Mullere	Final ALV	<b>13.45</b>			
50	Mullere	Final BEN	<b>13.50</b>			
50	Homes	Final INF	<b>13.55</b>			
50	Homes	Final ALV	<b>14.00</b>			
50	Homes	Final BEN	<b>14.05</b>			
<b>SEGUNDA XORNADA</b>						
50v (0.762)	Mullere	Semifinal	<b>16.30</b>	Altura	Mulleres	ALV
				Peso	Homes	ALV
				Lonxiti	Homes	BE
50v (0.84)	Homes	Semifinal	<b>16.45</b>			
500	Mullere	FINAL INF	<b>17.00</b>			
500	Mullere	FINAL ALV	<b>17.10</b>			
500	Mullere	FINAL BEN	<b>17.20</b>	Lonxiti	Mulleres	BE
500	Homes	FINAL INF	<b>17.30</b>	Peso	Mulleres	ALV
500	Homes	FINAL ALV	<b>17.40</b>			
500	Homes	FINAL BEN	<b>17.50</b>	Altura	Mulleres	INF
50 v	Mullere	FINAL INF	<b>18.00</b>			
50 v	Homes	FINAL INF	<b>18.10</b>	Triple*	Hom/Mull	INF
2 000	Mullere	FINAL INF	<b>18.20</b>			
2.000	Homes	FINAL INF	<b>18.35</b>			

\*Carreira máxima 15m

**Art.15).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A (ver normas técnicas FGA 2015-2016), R.F.E.A e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 12 de febreiro do 2016